

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FEDERACIÓN ALCER GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN PSICOSOCIOEDUCATIVA EN MENORES CON ENFERMIDADE RENAL CRÓNICA EN GALICIA (PROGRAMA MEDRO CON ALCER) NO ANO 2023.

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, actuando en nome e representación da Consellería, no uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 60/2022, do 15 de maio, do seu nomeamento, o Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

E doutra, Don Rafael Ramón Rodríguez Martínez, co NIF 32633990A, que actúa en nome e representación da Federación Alcer Galicia, en calidade de presidente, co NIF G70474556, de acordo co nomeamento acordado en Asemblea Xeral da federación do 12.11.2020 outorgado segundo ou procedemento establecido no artigo 12.1 dos seus estatutos.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,



EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

SEGUNDO. Que a Comunidade Autónoma de Galicia de conformidade co artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude desta competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

TERCEIRO. Que a Consellería de Política Social e Xuventude, ao abeiro do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de asistencia social incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e voluntariado.

CUARTO. Que a Federación Alcer Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co núm. 2015/000245-2A e figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E6833. O obxectivo básico da entidade é a mellora da calidade de vida das persoas que padecen enfermidade renal crónica. Estas persoas requiren do apoio e prestación dos recursos que os sistemas de benestar poidan ofrecerlles, entre eles o de servizos sociais, garantindo o seu dereito á igualdade no seu tratamento asistencial.



QUINTO. Os servizos de nefroloxía son recursos especializados destinados a persoas a partir dos 16 anos. En relación ás persoas menores de 16 anos, para acceder á terapia renal substitutiva ou someterse a algunha das intervencións propias das persoas con enfermidade renal crónica, os hospitais de referencia están situados fóra de Galicia, circunstancia que incide na sostenibilidade económica da unidade familiar e na súa contorna social, polo que resulta necesario ter en conta os aspectos familiares e sociais que afectan á calidade de vida e desenvolvemento destes nenos e nenas.

Así, deste xeito, e dentro do colectivo de persoas que padecen enfermidades renais crónicas, os/as menores de 16 anos presentan unhas necesidades específicas, que lles afectan a elas e ás súas familias, entre as que se atopan, a conciliación dos coidados e da vida laboral, a conciliación dos tratamentos médicos cos procesos de socialización e de escolarización, o sostemento do sistema familiar, a falta de apoio nas longas estadias fóra de Galicia, a toma de decisións e o coidado da autonomía do menor e as reaprendizaxes na adaptación da enfermidade á vida cotiá dos menores.

Para facer fronte a estas necesidades a Federación Alcer Galicia desenvolve en Galicia un programa de intervención psicosocial baixo a rúbrica “Programa Medro con Alcer” de apoio ás familias con menores que padecen esta enfermidade renal crónica no ámbito da Comunidade Autónoma.

SEXTO. Que considerando o interese social das actuacións que esta entidade leva e acabo e a súa recoñecida labor na loita contra as enfermidades de ril a Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, esta interesada en apoiar esta actuación orientada á intervención psicosocial cos menores con enfermidades renais crónicas e as súas familias, mediante a concesión dunha subvención pública a través da formalización dun convenio de colaboración.

O artigo 1 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, regula a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer as familias e os seus membros, e, en especial, os nenos e as nenas e os e as persoas adolescentes, neste caso, en colaboración cunha entidade social con recoñecida experiencia e formación neste ámbito.



Tendo en conta o carácter específico da actuación, non procede a realización dunha convocatoria pública con concorrencia para a concesión dunha subvención, pois esta entidade é a única que desenvolve unha actividade deste tipo.

Aos efectos da concesión dunha subvención pública o proxecto cumpre por tanto, cos seguintes requisitos:

- O artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O artigo 19.4.c) da mesma lei que establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa as subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria pública.

Este programa ten interese público e social porque vai dirixido á intervención con menores con enfermidades renais crónicas e coas súas familias. Precisa para elo da intervención de profesionais especializados que os apoiem e os orienten, permitindo dar resposta ás súas necesidades sociais e facilitar a súa integración social e psicolóxica. A federación Alcer Galicia está integrada por catro asociacións para a loita contra as enfermidades renais de Galicia, sendo a única que leva a cabo este programa en toda a Comunidade Autónoma.

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Política Social e Xuventude considera conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto do presente convenio de colaboración a concesión directa dunha subvención pública destinada ao financiamento pola Consellería de Política Social e Xuventude do programa da entidade Federación Alcer Galicia, de intervención psicosocial con menores con enfermidade renal crónica en Galicia, Programa Medro con Alcer, que ten como finalidade a intervención psicosocial, apoiando e acompañando ás familias para mellorar a súa calidade de vida dentro do seu proceso de adaptación e convivencia coa enfermidade renal crónica, tratando de minimizar as posibles dificultades derivadas do coidado, así como adaptarse á enfermidade e mellorar o seu



benestar social, establecendo bases sólidas de coordinación entre todas as partes implicadas na atención, dentro dos procesos de atención sociosanitaria, a persoas menores con enfermidades renais crónicas.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS

As actuacións desenvoltas pola Federación Alcer Galicia en relación cos diferentes obxectivos específicos do programa a subvencionar, serán as seguintes:

Obxectivos	Actividades
1. Establecer un rexistro exhaustivo de todas as persoas menores atendidas pola Federación Alcer Galicia e das intervencións desenvolvidas.	1.1. Rexistro de cada persoa menor coa que se intervén dende o programa “Medro con Alcer” e as intervencións realizadas. 1.2. Avaliación anual dos resultados obtidos: núm. de menores, idade, segregación por sexo e tipos de intervencións.
2. Establecer proxectos de intervención psicosocial individualizados con menores afectados/as por enfermidades renais crónicas, familias, en coordinación cos equipos sanitarios e entidades de pacientes, ben sexan galegas ou de fóra da Comunidade Autónoma, segundo cada situación individual o precise.	2.1. Desenvolvemento de plans de atención familiares individualizados anuais que sirvan de soporte ao crecemento do ou da menor. 2.2. Contacto trimestral con cada familia rexistrada no programa.
3. Promover a creación de grupos de iguais, tanto de menores, e organizados en función da súa idade, como de familiares, creando espazos de axuda común, actividades grupais, nos que promover bos coidados e fomentar a súa participación en espazos de lecer	3.1. Actividades grupais que fomenten o encontro entre iguais de forma online ou presencial. 3.2. Coordinación co Proxecto de intervención grupal en materia de soporte social, educativo, emocional a través da estrutura de Federación Alcer Galicia: Campamento Crece. 3.3. Difusión de novas de interese para as familias de menores con enfermidades renais crónicas rexistradas no programa a través do envío dun correo electrónico informativo con frecuencia quincenal.
4. Continuar difundindo o programa entre	4.1. Reunións trimestrais para valorar o



os e as profesionais que traballan con menores con Enfermidades renaís crónicas: Pediatría, Nefroloxía, Uroloxía, Educación, Servizos Sociais do ámbito público e privado.	funcionamento do programa con profesionais sanitarios de referencia dos e das menores. 4.2. Envío de información relativa a este programa a centros educativos, servizos sociais de referencia e outras entidades afíns para as familias no momento en que un ou unha menor curse alta neste programa.
5. Establecer unha estrutura sólida que favoreza a intervención integral coordinada entre o persoal sanitario e os/as profesionais psicosociais de Federación Alcer Galicia a través de protocolos de derivación e colaboración.	5.1 Mantemento do protocolo de derivación e colaboración entre a Federación Alcer Galicia e as consultas de nefroloxía infantil. 5.2. Coordinación cos departamentos correspondentes e implicados nas xestións da intervención socio-sanitaria con menores.

TERCEIRA. IMPORTE DA AXUDA

1. A concesión da subvención ao Programa Medro con Alcer, a través del convenio imputarase á aplicación orzamentaria que se indica no seguinte cadro, na cal existe crédito adecuado e suficiente no orzamento destinado á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude para o ano 2023.

Aplicación orzamentaria	Ano 2023
13.02.312B.481.0	37.000 €

2. A achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso poderá supor beneficio económico para a entidade beneficiaria.

CUARTA . COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.



QUINTA. OBRIGAS

1. Para poder ser entidade beneficiaria da axuda, a Federación Alcer Galicia deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que de seguido se relacionan:

a) Non ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Non ter sido declarados insolventes en ningún procedemento, non ter solicitado a declaración de concurso, nin ter sido declarados en concurso salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio, non estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme ao Real decreto lexislativo 1/2020, de 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Non dar lugar, por causa da que foran declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.

d) Non estar incurso a entidade beneficiaria ou aqueles que ostenten a representación legal da mesma nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.

f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.

h) Non ter sido sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. A Federación Alcer Galicia debe cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que son entre outras, as seguintes:



- a) Executar o programa que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Xuventude, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- c) Comunicar á Consellería de Política Social e Xuventude, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- d) Acreditar que esta ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.

O cumprimento destes requisitos poderán ser comprobados pola consellería agás oposición expresa da entidade beneficiaria. No caso de oposición, deberán achegarse os certificados correspondentes ou ben presentar unha declaración de conformidade co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

- e) Adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que establece a obriga de dar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento do programa obxecto de subvención.

As medidas de difusión deberán adecuarse ao programa subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

- f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. A entidade beneficiaria debe cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que a entidade beneficiaria non atenda o requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 da citada lei.



SEXTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada que formen parte do programa subvencionado a través deste convenio de acordo coa desagregación que figura no cadro que figura a continuación, e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro do ano 2023 ata a data límite de xustificación.

Persoal		33.773,46 €
Outros gastos	Desprazamentos	164,44 €
	Xestoría	1.964,44 €
	Seguro responsabilidade civil	300,00€
	Seguro Lei de prevención de riscos laborais	300,00€
	Lei orgánica de protección de datos	133,10 €
	Teléfono	165,00 €
	Envíos de documentación	100,00 €
	Material funxible	100,00 €
	Total	3.226,54 €
Total gastos		37.0000,00 €
<i>Permítense modificacións das anteriores partidas sempre que non sexan superiores ao 10% do importe total do convenio, agás no concepto de gastos por desprazamentos.</i>		

2. O gasto subvencionable en concepto de desprazamentos terá en conta as visitas a centros hospitalarios declarados na memoria. O importe virá determinado polo establecido no XV Convenio colectivo xeral de centros y servizos de atención a persoas con discapacidade co límite previsto por este concepto no cadro do número 1.

3. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido poderase considerar gasto subvencionable



cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do imposto sobre o valor engadido.

4. O prazo de realización das actuacións cuxos gastos sexan subvencionables comprenderá o período establecido entre o 1 de xaneiro do ano 2023 e o 15 de decembro do ano 2023.

5. A data límite de xustificación será o 15 de decembro do ano 2023. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais de 2023 liquidables con posterioridade á referida data, estas terán como data límite o 15 de xaneiro do ano seguinte.

6. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido no presente convenio.

7. Os custos indirectos formarán parte da xustificación, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que tales custos correspondan o período no que efectivamente se realiza a actividade.

8. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

SÉTIMA. CONDICIÓNS DE PAGAMENTO

1. O pagamento da contía referida no presente convenio farase do seguinte xeito:

a) Ata o 80% do total concedido poderase facer efectivo mediante pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade beneficiaria xustifique os gastos e os pagos realizados.

b) O 20% restante abonarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

2. Para a xustificación dos pagamentos deberase presentar:

a) Memoria económica da aplicación dos fondos destinados ao convenio, na que conste:

- Relación nominal das persoas traballadoras que se inclúen como xustificación para a realización das actuacións comprendidas dentro do programa



subvencionado que deberá indicar os seguintes datos para cada unha delas: mes que se xustifica, apelidos, nome e NIF da persoa traballadora, base do IRPF, retribución líquida e bruta mensual, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, data de pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado.

- Documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores, RNT e TC2 e o seu pagamento mediante xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social, RLC e TC1.
- Unha relación clasificada dos gastos, con identificación do concepto, o proveedor, o importe, detallando o IVE, a data de emisión e a data de pagamento.
- Declaración responsable dos quilómetros percorridos en vehículo particular para o desenvolvemento das actuacións comprendidas dentro do programa obxecto do convenio de colaboración

b) Unha declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, ás distintas administracións públicas competentes ou aos seus organismos ou sociedades.

c) Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes.

3. Así mesmo, antes de facer efectivo o 20% restante recollidos no punto b) do número 1, a entidade beneficiaria deberá presentar ademais dos documentos os que se refire o número 2 desta cláusula, unha memoria das actuacións comprendidas dentro do programa obxecto do convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

4. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, acompañadas dos documentos que xustifiquen os pagamentos.

No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.



5. A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da dita entidade, en cuxo caso deberá achegar a documentación que a continuación se relacionan, ou ben presentar unha declaración de conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:

a) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

b) Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia .

c) Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

6. Esta entidade beneficiaria queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse dunha institución sen fin de lucro, segundo menciona o artigo 65.4.f) deste mesmo Decreto.

OITAVA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicación e inscrición, de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

2. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición de conformidade co previsto nos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.



3. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

4. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

2. Esta comisión estará composta por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Xuventude, das cales unha delas será nomeada —para exercer a presidencia pola persoa titular da consellería e dúas persoas representantes da Federación Alcer Galicia, designadas por cada unha das partes, así como os seus suplentes.

3. A persoa que ocupe a secretaría, que contará con voz pero sen voto, será unha persoa funcionaria da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, designada pola persoa que asume a Presidencia, así como a persoa que a supla.

4. Esta comisión rexerase en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

1. A selección do persoal específico que a entidade beneficiaria dedicar á execución do programa corresponderalle a esta.



2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que van desenvolver as actividades obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio e a Consellería de Política Social e Xuventude, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Xuventude coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se deriva da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no



consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

DÉCIMO SEGUNDA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

1. Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.
2. A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
4. Os demais supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

5. En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO TERCEIRA. NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose polas súas cláusulas e, no seu defecto polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e demais normativa de aplicación.

Así mesmo, este convenio esta excluído do ámbito de aplicación Lei 9/2017, do 8 de novembro, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014,



se ben, observaranse os seus principios para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.

DÉCIMO CUARTA. CUESTIÓN LITIXIOSAS

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas poderá interpoñerse o recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo de un mes se o acto fora expreso. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se o mesmo fora expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

DÉCIMO QUINTA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estrará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2023. Non obstante, os gastos das accións obxecto do programa que se realicen pola entidade dende o 1 de xaneiro de 2023 poderán ser subvencionados ao abeiro deste convenio.

E, en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, as partes asinan o presente convenio no lugar e data da súa sinatura dixital

A Conselleira de Política Social e
Xuventude

O Presidente da Federación Alcer Galicia

Fabiola García Martínez

Rafael Ramón Rodríguez Martínez

